


PROXECTOS 2010

AMIGOS DO MAR SÉCULO XXI



MEMORIA XUSTIFICATIVA:
Aplicación multimedia informativa e formativa sobre as
especies mariñas ameazadas

Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños
Apdo. 15, 36380 GONDOMAR. Tfno. 686 98 90 08



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Modernización
e Innovación Tecnolóxica



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE INDUSTRIA, TURISMO
Y COMERCIO

PLAN
AVANZA2...





Resume

O proxecto consistiu no deseño dos materiais e contidos para a creación dunha aplicación multimedia en formato dixital con carácter informativo e formativo para ser acoplada a web da CEMMA xa existente (www.cemma.org) que terá como o obxectivo final a creación de materiais formativos e educativos para amplo uso social, ben sexa a nivel educativo ou formativo do voluntariado. a aplicación estará composta por tres módulos

1.- Informativo: Catálogo de especies. Glosario de termos. Unidade didáctica. Documentos en PDF. Enlaces web a portais complementarios. Guía didáctica para docentes. Guía didáctica para voluntariado.

2.- Formativo: Descritivo de actividades de voluntariado.

3.- Avaliativo: Autoavaliación para a corrección de coñecementos.

Datos da entidade

COORDINADORA PARA O ESTUDIO DOS MAMIFEROS MARIÑOS

FICHA TECNICA:

Rex. Min. Int. Nº 115.083

Rex. Com. Gal. Med. Amb. Nº: 24.

CIF: G15400500

EUBALAENA, Dep. Legal- C-400/93. ISSN- 1132-970X.

Membro de pleno dereito da *European Cetacean Society*.

ENDEREZO: Camiño do Ceán Nº 2. Nigrán 36340. Pontevedra

Enderezo postal:

Ap. 15. Gondomar. 36380. Pontevedra

Teléfono: 986 36 08 04/ 686 98 90 08

Web: www.cemma.org

Email: cemma@arrakis.es



Proposta técnica

Dende 1990 a CEMMA leva introducindo o medio mariño e as especies mariñas protexidas no mundo educativo, afortunadamente os propios cambios curriculares e de materiais da educación formal teñen avanzado neste aspecto pero consideramos aínda insuficiente o alcance onde teñen chegado.

A CEMMA quere que a traveso do coñecemento de amplos sectores sociais que utilizan o mar como recurso económico, didáctico ou como ocio se mellore na conservación destas especies, ao mesmo tempo que os materiais sexan útiles nos labores formativos do voluntariado da CEMMA.

Para iso é necesario coñecer con precisión á bioloxía, distribución e migración das especies mariñas (aves, tartarugas e mamíferos mariños). Os esforzos da CEMMA neste senso son cuantiosos achegando fondos procedentes de diversos ámbitos (autonómico, estatal e europeo). Pero esta laboura non tería xeito sen un traballo de difusión dos resultados abordado dende unha faceta xeral, a todo o público, e simultaneamente especializado, á comunidade universitaria.

O deseño de materiais e actividades por parte da CEMMA axustase ás estratexias para a educación non formal e informal definidas na Estratexia Galega de Educación Ambiental, sobre todo no que respecta ó mecanismo de información sobre a biodiversidade biolóxica integradora dos datos resultantes das investigacións científicas que conforman o estado actual de coñecemento sobre a biodiversidade biolóxica, en concreto a biodiversidade mariña.

A CEMMA leva dende o ano 1990 apostando polo impulso da lingua galega no concernente ó léxico de fauna e flora mariños, a traveso das múltiples actividades en dado coñecemento e mesmo normalizado a terminoloxía utilizada. A traveso dos máis diversos formatos, como Cd, vídeo, autoexecutables, web, etc, a CEMMA está a conseguir unha grande penetración de coñecementos e actitudes sobre o medio mariño que son identificados sempre coa lingua galega pois a súa utilización é exclusiva en todas as nosas manifestacións.

As finalidades na incidencia da información, comunicación e educación ambiental son máis valiosas se cabe para a CEMMA dende o punto de vista que o que podemos contar é o que nós mesmos estamos aprendendo mediante a investigación que xeramos, estes factores vense complementados coa orientación e asesoramento educativo no tema específico do medio mariño.



As novas tecnoloxías e sobre todo o desenvolvemento da Sociedade da Información e Comunicación permiten botar man dunhas ferramentas inexistentes ou infrautilizadas ata o de agora, e a súa aplicación aos diversos aspectos sociais, neste caso aplicados á educación ambiental na súa faceta relativa á conservación do medio mariño e das especies ameazadas.

Descrición do proxecto

O proxecto consiste no deseño dunha **aplicación multimedia** con carácter informativo e formativo para ser acoplada á web da CEMMA (www.cemma.org) que terá como o obxectivo final a creación de materiais formativos e educativos para amplo uso social, ben sexa a nivel educativo ou formativo do voluntariado.

Obxectivos

O obxectivo final foi a creación de materiais formativos e educativos para amplo uso social, ben sexa a nivel educativo ou formativo do voluntariado.

Nivel educativo: poderá ser acoplada ós niveis educativos formais, de xeito transversal, dende a etapa infantil á secundaria, ofrecendo así a posibilidade de manexo de actividades e materiais didácticos como achegamento do profesorado e alumnado ó medio mariño mediante a introducción á educación ambiental e potenciamento do traballo en equipo e das actitudes críticas e positivas de cara ó respecto e conservación da natureza.

Nivel formativo: os materiais específicos dos labores da CEMMA relativos á introducción á educación ambiental e potenciamento do traballo voluntario na liña da conservación da natureza.

Obxectivos específicos:

Informar sobre a importancia do medio mariño para as comunidades humanas.

Informar sobre a presenza das especies de cetáceos nas costas galegas.

Describir as principais características das especies.

Informar sobre a presenza destas especies en áreas costeras próximas e o interese das mesmas.

Crear actitudes de conservación e respecto cara ao medio mariño.

Destinatarios

Comunidade educativa en xeral.

Profesorado de ciencias naturais e os diferentes niveis do alumnado.



Voluntariado ambiental mariño e especificamente ao destinado aos labores de acción voluntaria da CEMMA.

Execución

Para levar a cabo o proxecto a empresa ASTROPENTA aportou a selección de contidos e material gráfico cos que acompañar aos mesmos. Deste xeito elaboráronse os seguintes contidos para seren incorporados ás ferramentas creadas:

1.- Módulo informativo

Catálogo de especies

OBXECTIVOS: ampliar o coñecemento xeral sobre o medio mariño e especialmente a presenza de cetáceos e aves mariñas.

OBXECTIVOS ESPECIFICOS: informar sobre a importancia do medio mariño para as comunidades humanas. Informar sobre a presenza das especies de cetáceos nas costas galegas. Describir as principais características das especies. Informar sobre a presenza destas especies en áreas costeiras próximas e o interese das mesmas. Crear actitudes de conservación e respecto cara ao medio mariño.

Contará con 36 unidades conceptuais.

GOLFIÑOS

- 1.- Os cetáceos na historia da evolución
- 2.- As especies no mundo
- 3.- Os cetáceos entre nós
- 4.- Ao pe da praia: o arroaz
- 5.- Compañeiros de viaxe: os golfiños
- 6.- O misterio do agocho: a toniña
- 7.- O segredo do océano: o arroaz boto
- 8.- A vida con calma: o caldeirón
- 9.- A illa maxestuosa: a balea
- 10.- Ata o fondo do abismo: o cachalote
- 11.- A antiga caza
- 12.- A moderna caza
- 13.- O cambio de rumbo: novas prespectivas
- 14.- Asistencia aos animais varados
- 15.- A conservación

Recollidos nos documentos:

CETACEOS DEF. pdf

CAZA DA BALEA DEF.pdf

AVES

- 1.- As aves na historia da evolución
- 2.- As especies no mundo
- 3.- as aves mariñas entre nós
- 4.- A ave presumida: as gaivotas
- 5.- Viaxeiras do océano: as pardelas
- 6.- Voando en picado: o mascato
- 7.- O misterio do océano: o paíño



- 8.- *A vida dende os cantís: o arao*
 - 9.- *Corredeiras das beiriñas*
 - 10.- *Voando baixo o mar: a alca*
 - 11.- *Un gran mergullador: o corvo mariño*
 - 12.- *Superveleiro: o albatros*
 - 13.- *O impacto dos verquidos*
 - 14.- *Asistencia ás aves feridas*
 - 15.- *A conservación*
- Recollidos nos documentos AVES MARIÑAS DEF. pdf*

OUTRAS ESPECIES

- 1.- *Augamares*
- 2.- *Lobos mariños*
- 3.- *Tartarugas mariñas*
- 4.- *Grandes peixes*
- 5.- *O Momo*
- 6.- *O peixe lúa*

Recollidos nos documentos:
TARTARUGAS MARIÑAS DEF. Pdf
LOBOS MARIÑOS DEF. pdf
GRANDES PEIXES DEF.pdf
AUGAMARES. pdf

Glosario de termos: compoorto por unha batería de termos especializados en temas mariños.

Recollidos nos documentos: AVALIACIÓN.pdf

Unidade didáctica

Recollidos nos documentos: CADERNO DE CAMPO CEMMA.pdf

Documentos en PDF: recompilación de diversos documentos de carácter formativo e publicacións científicas.

2.- Módulo Formativo

Clasificación de actividades

Varamentos

Avistamentos

Campañas marítimas

Rede Costeira de avistamentos

Recuperación

Recollidos nos documentos: PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN E PLANS DE CONTINXENCIA NA CARPETA PROTOCOLOS E DOCUMENTOS FORMATIVOS



3.- Módulo Avaliativo

Autoavaliación para a corrección de coñecementos

Realización de batería de preguntas baseadas nos temas anteriores para facer unha avaliación xenérica e unha avaliación específica.

Recollidos nos documentos: *AVALIACIÓN*

Os materiais teñen un caracter on-line interactivos e foron acoplados á páxina web da CEMMA (WWW.CEMMA.ORG) na sección FERRAMENTAS.

Deseño gráfico

A característica será dunha plantilla xenérica e unha persoaxe que nos levará a través de todo o documento e dos seus apartados.

A parte informativa terá un predominio gráfico e recollerá os valores ambientais mariños e as especies mariñas ameazadas.

Teranse en conta os seguintes criterios:

- O deseño axustarase ás destinatarias, tratando de elaborar a imaxe máis adecuada.
- Coherencia do deseño e adaptación á navegación da aplicación.
- Funcionalidade.

Recollidos nos documentos: *DIVERSOS ELEMENTOS GRAFICOS INCLUIDOS NA CARPETA DE RECURSOS GRÁFICOS: fotografías, infografías, deseños de personaxes, etc.*

Orzamento

O investimento subvencionable foi de 4.565 obtendo o 75% de subvencionalidade, 3.423,75 €.

Nigrán, 25/10/2010



Alfredo López Fernández